

Actualizada a 20/02/2026

CIRCULAR 63-2026

CONTROL FGA IFEVI PC-27/02/2026 (Xornada de tarde)

Art.1) A Federación Galega de Atletismo organiza este control o día 27 de febreiro de 2026 en IFEVI (Vigo).

Art.2) Poderán participar atletas con licenza en vigor, dende a categoría Sub 10 nas súas probas oficiais.

Art.3) As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> ata as 23:45 horas do luns 23 de febreiro.

- Establécese unha cota de inscrición de 4 euros por atleta.
- Serán válidas, na inscrición, as marcas realizadas nas tempadas 2025 e 2026. No caso de superar o límite de prazas terán preferencia os atletas con mellores marcas.
- En caso de necesidade, realizarase sorteo entre os atletas sen marca.

Art.4).- Prazo de comunicación de baixas.

- Rematará ás 23:59 horas do mércores 25 de febreiro e serán remitidas a servizos@atletismo.gal

Art.5) Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.6) Nos concursos cada atleta terá 4 intentos. Na altura non haberá desempate polo primeiroiro posto.

Art.7)Horario: poderá ser modificado segundo necesidades.

HORARIO CONTROL 27/02/2026- XORNADA TARDE					
HORA	CARREIRAS	CAT/MODALIDADE	FOSO	PESO	ALTURA
17:00	60 mv	Mulleres S14-S20	Triplo Sub14 H-M	Sub 10 H-M	Sub 10 H-M
17:30	60 mv	Homes S14-S20			
18:00	50	Mulleres	Lonxitude Sub 14 H-M	Sub 12 H-M	
18:30	50	Homes			Sub 12 H-M
19:00	60	Mulleres	Lonxitude Sub 12 H-M	Sub 14-16 H	
20:00	60	Homes	Lonxitude Sub 10 H-M	Sub 14 -16 M	Sub 14 H - M

Art.8).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- As solicitudes de inscrición fora de prazo deberán ser enviadas a servizos@atletismo.gal para a súa valoración. No caso de ser admitidas, levarán asociadas unha recarga de 6€ por atleta.
- Calquera baixa con posterioridade ás 23:59 do mércores previo ó inicio da competición ou a non participación final, levará asociada o cobro da cota de inscrición xunto cunha sanción de 5€ por proba.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 € por atleta con datos falsos.
-

Art.9).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.

A Coruña, a 17 febreiro de 2026

Yolanda González Fernández
Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo